

PLENO DO EXCMO. CONCELLO . - Núm. 18

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ordinaria que terá lugar o día 27 de NOVEMBRO de 2006, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Acta anterior (sesión 11.09.06).
- 2.- Toma de posesión do cargo de don Abel Losada Álvarez
- 3.- Dar conta de escrito do voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE polo que comunica novos representantes do devandito grupo nas comisións informativas.

URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- 4.- Autorización de implementación da partida de productividade no orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 2055/407.

XESTIÓN MUNICIPAL

- 5.- Autorización de implementación da partida de productividade do orzamento do Concello (Modificación orzamentaria mediante transferencia de créditos). Expte. 168801/220.
- 6.- Autorización de implementación na partida de productividade no orzamento da Escola Municipal de Artes e Oficios (Modificación orzamentaria mediante transferencia de crédito).
- 7.- Modificación orzamentaria mediante transferencia de crédito no orzamento do IMD, ó obxecto de implementar os créditos das partidas de productividade e gratificacións.
- 8.- Modificación do cadro de persoal do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias, Vigo-Zoo. (Amortización de dous postos de traballo).
- 9.- Modificación orzamentaria 141/06. Suplemento de crédito por importe total de 571.330,82 euros. (Transferencia corrente á Xerencia de Urbanismo 471.330,82 € e combustible e carburantes 100.000 €).
- 10.- Aprobación inicial do Regulamento do fondo de acción social dos traballadores da Escola Municipal de Artes e Oficios.

ASUNTOS SOCIAIS

- 11.- Proposta de nomear un vial como "Clara Campoamor".
- 12.- Proposta de nomear viais na parroquia de Castrelos como "Camiño do Carro" e "Camiño das tres Cruces".

MOCIÓNS

- 13.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ó concurso para a construción de seis aparcadoiros soterrados de uso mixto.
- 14.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ás funcións do "Visioncar".
- 15.- Moción do Grupo municipal do PG relativa as comunicacións en automóbil por Peinador.
- 16.- Moción do Grupo municipal do BNG instando a instalación dunha rede de hidrantes no periurbán.
- 17.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE instando o acondicionamento de fontes en Valladares.
- 18.- Rogos e preguntas.

URXENTES:

- A.- Cambio de representante do Grupo municipal do PP no Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- B.- Cambio de representantes do Grupo municipal Socialista nos organismos autónomos, Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e Consello Social da Cidade.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día VINTESETE DE NOVEMBRO para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 23 de novembro de 2006

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Ma Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.